



MANIFESTO CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

25 NOVEMBRO 2023

Desde hai varias décadas, o 25N, Día Internacional pola erradicación da Violencia contra as Mulleres, é un momento excepcional para reivindicar, reclamar e lembrar ás persoas con responsabilidades e a toda a sociedade en xeral que, mentres persista a violencia patriarcal, non poderemos conseguir sociedades xustas, igualitarias e respectuosas cos dereitos humanos.

A prevalencia das violencias é cada vez máis preocupante, tal e como recolle a recente **Enquisa Europea de Violencia de Xénero (EEVG)** con datos de 2022, que sinala cifras extremadamente alarmantes de presenza das violencias patriarcais, aínda que tamén debuxa un contexto positivo en relación co maior coñecemento e recoñecemento destas violencias por parte das mulleres máis novas.

Aínda que nas institucións educativas en xeral, e nas universidades en particular, se avanzou moito na igualdade entre mulleres e homes, aínda perduran situacións que violentan ás estudantes, ás investigadoras e docentes, e ás traballadoras do ámbito da administración e servizos. Nese sentido, son relevantes as achegas do **"Proxecto Europeo UNISAFE, para acabar coas violencias de xénero na Academia"**, pois conclúe que a principal razón pola que non se denuncian agresións machistas no contexto universitario é porque, en moitas ocasións, a vítima dubida da gravidade do sufrido, dúbida de se será crida, dúbida de se haberá unha resposta para o vivido. É importante non normalizar nin naturalizar as violencias sufridas, é importante que tamén nas universidades avancemos cara á visibilización de todas e cada unha das violencias machistas que se exercen no seu seo.

As universidades, como institucións de ensino superior, debemos contribuír a facer fronte a esta situación achegando evidencias científicas, formando as futuras xeracións de profesionais con perspectiva de xénero, elaborando recursos útiles e efectivos para toda a sociedade e participando tanto individual como colectivamente da cultura de igualdade que identifica, visibiliza, denuncia e illa os comportamentos e actitudes machistas.

Ademais da continuidade das violencias machistas tradicionais, xorden novos modos de misoxinia, tales como o *gendertrolling* de 'turbas dixitais' no universo *en liña*. Neste contexto, sobresaen novos actores políticos, como a 'manosfera', alentados por movementos transnacionais que promoven actitudes e perspectivas misóxinas e antifeministas. A súa influencia na formación de opinións e a propagación de ideas políticas extremistas, están modelando imaxinarios e condutas desde idades temperás. Un claro exemplo diso é o chamado 'caso Almedralejo', que puxo en evidencia a violencia machista dixital exercida por un grupo de mozos menores de idade sobre máis de vinte nenas e adolescentes, cuxa imaxe foi utilizada para crear pornografía mediante intelixencia artificial. O alcance mediático deste caso serviu para que a sociedade tome conciencia da gravidade do problema do mal uso dos avances tecnolóxicos, pero non se trata dun caso illado, pois as expresións vexatorias contra as mulleres no mundo dixital reproducense constantemente.

Un ano máis segue sendo necesario denunciar que a violencia de xénero é unha violación dos dereitos humanos na que, as universidades, como parte da sociedade, temos a responsabilidade de implicarnos activamente. Por iso, este mes é importante tamén mostrar a nosa solidariedade coas nenas e mulleres de todo o mundo que están a sufrir restricións dos seus dereitos e a ser libres e iguais. Hoxe, en Palestina, Ucraína. Irán. Afeganistán e outros moitos lugares do mundo.

Nesta ocasión, apelamos á xenealoxía feminista, á súa historia, á produción de coñecemento académico con perspectiva de xénero, á forza das mulleres novas e á dimensión humana da sociedade, para tecer, máis que nunca, mundos de esperanza feminista, outro mundo posible, libre de violencias contra as mulleres e nenas, porque os avances e o compromiso social e institucional é cada vez maior fronte a todas as violencias patriarcais no espazo universitario e na sociedade, en xeral.

Hoxe, e todos os días do ano, reivindicamos o feminismo como ferramenta de emancipación para conseguir unha sociedade na que poidamos ser e estar. Seguindo o valoroso exemplo das campioas mundiais de fútbol da nosa selección, sumámonos ao seu clamor: #Seacabó #Acabouse

As universidades abaixo asinantes forman parte da Rede de Unidades de Igualdade de Xénero para a Excelencia Universitaria

Universitat d'Alacant	Universidad de León
Universidad de Alcalá	Universitat de Lleida
Universidad de Almería	Universidad de Málaga
Universitat Autònoma de Barcelona	Universidad Miguel Hernández de Elche
Universidad Autónoma de Madrid	Universidad de Murcia
Universitat de Barcelona	Universidad Nacional de Educación a Distancia
Universidad de Burgos	Universitat Oberta de Catalunya
Universidad de Cádiz	Universidad de Oviedo
Universidad de Cantabria	Universidad Pablo de Olavide
Universidad Carlos III de Madrid	Universidad del País Vasco
Universidad de Castilla-La Mancha	Universidad Politécnica de Cartagena
Universidad Complutense de Madrid	Universitat Politècnica de Catalunya
Universidad de Córdoba	Universidad Politécnica de Madrid
Universidade da Coruña	Universitat Politècnica de València
Universidad de Deusto	Universitat Pompeu Fabra
Universidad de Extremadura	Universidad Pública de Navarra
Universitat de Girona	Universitat Ramon Llull
Universidad de Granada	Universidad Rey Juan Carlos
Universidad de Huelva	Universitat Rovira i Virgili
Universitat de les Illes Balears	Universidad de Salamanca
Universidad Internacional de Andalucía	Universidade de Santiago de Compostela
Universitat Internacional de Catalunya	Universidad de Sevilla
Universidad de Jaén	Universitat de València
Universitat Jaume I de Castellón	Universidad de Valladolid
Universidad de La Laguna	Universitat de Vic- Universitat Central de Catalunya
Universidad de La Rioja	Universidade de Vigo
Universidad de Las Palmas de Gran Canaria	Universidad de Zaragoza